



Plan Xeral de Ordenación Municipal  
do Concello de Allariz

CATÁLOGO TOMO III  
XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

ANEXO DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO CONCELLO DE ALLARIZ

**LISTADO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ**

- XA-1:** Castro de Armea (GA32001001)  
**XA-2:** O Forno da Santa (GA32001002)  
**XA-3:** Castro de Pena do Couto (GA32001003)  
**XA-4:** Castro de Folgoso (GA32001004)  
**XA-5:** O Castelo (GA32001005)  
**XA-6:** Necrópole Medieval de Allariz (GA32001006)  
**XA-7:** Sepulcro das Muradellas (GA32001011)  
**XA-8:** Sepulcro do Castelo (GA32001012)  
**XA-9:** Xacemento paleolítico de Campina-Lama (GA32001013)  
**XA-10:** Xacemento do Corgo (GA32001014)  
**XA-11:** Xacemento calcolítico do Toxal (GA32001015)  
**XA-12:** Xacemento romano das Laxas (GA32001016)  
**XA-13:** Castro de Cerdeira ou Outeiro do Castro (GA32036003)  
**XA-14:** Xacemento romano de Abuín (GA32001017)  
**XA-15:** Petroglifo da igrexa de S. Vitoiro (GA32001018)  
**XA-16:** Petroglifos do Lameiro Grande (GA32001019)  
**XA-17:** Castro de Cima de Vila ou Castrelo (GA32047011); Lindeiro A Merca-Allariz.  
**XA-18:** Xacemento das Moreiras (GA32001020)  
**XA-19:** Petroglifo das Moreiras I (GA32001021)  
**XA-19:** Petroglifo das Moreiras II (GA32001022)  
**XA-19:** Petroglifo das Moreiras III (GA32001023)  
**XA-19:** Petroglifo das Moreiras IV (GA32001024)  
**XA-20:** Trisquel de Airavella (GA32001ACH)  
**XA-21:** Castro de San Paio (GA32001---)  
**XA-22:** Xacemento romano das Raposeiras (GA32001---)  
**XA-23:** Epígrafe romano de Armea (GA32001ACH)  
**XA-24:** A Aira-A Pedra, Gravados rupestres da Vacariza (GA32001---)

## GRAOS DE PROTECCIÓN

### GRAO DE PROTECCIÓN I (G.I)

- XA-1:** Castro de Armea (GA32001001)
- XA-2:** O Forno da Santa (GA32001002)
- XA-15:** Petroglifo da igrexa de S. Vitoiro (GA32001018)
- XA-16:** Petroglifos do Lameiro Grande (GA32001019)
- XA-19:** Petroglifo das Moreiras I (GA32001021)
- XA-19:** Petroglifo das Moreiras II (GA32001022)
- XA-19:** Petroglifo das Moreiras III (GA32001023)
- XA-19:** Petroglifo das Moreiras IV (GA32001024)
- XA-24:** A Aira-A Pedra, Gravados rupestres da Vacariza. (GA32001---)

### GRAO DE PROTECCIÓN II-I (G.II-1)

- XA-3:** Castro de Pena do Couto (GA32001003)
- XA-4:** Castro de Folgoso (GA32001004)
- XA-5:** O Castelo (GA32001005)
- XA-8:** Sepulcro do Castelo (GA32001012)
- XA-13:** Castro de Cerdeira ou Outeiro do Castro (GA32036003)
- XA-11:** Xacemento do Toxal (GA32001015)
- XA-17:** Castro de Cima de Vila ou Castrelo (GA32047011); Lindeiro A Merca-Allariz.
- XA-21:** Castro de San Paio (GA32001---)
- XA-22:** Xacemento romano das Raposeiras (GA32001---)

**GRAO DE PROTECCIÓN II-2 (G.II-2)**

- XA-1:** Castro de Armea (GA32001001)
- XA-2:** O Forno da Santa (GA32001002)
- XA-3:** Castro de Pena do Couto (GA32001003)
- XA-4:** Castro de Folgoso (GA32001004)
- XA-5:** O Castelo (GA32001005)
- XA-8:** Sepulcro do Castelo (GA32001012)
- XA-13:** Castro de Cerdeira ou Outeiro do Castro (GA32036003)
- XA-11:** Xacemento do Toxal (GA32001015)
- XA-17:** Castro de Cima de Vila ou Castrelo (GA32047011); Lindeiro A Merca-Allariz.
- XA-21:** Castro de San Paio (GA32001---)
- XA-22:** Xacemento romano das Raposeiras (GA32001---)

**GRAO DE PROTECCIÓN III (G.III)**

- XA-6:** Necrópole Medieval de Allariz (GA32001006)
- XA-7:** Sepulcro das Muradellas (GA32001011)
- XA-9:** Xacemento paleolítico de Campina-Lama (GA32001013)
- XA-10:** Xacemento do Corgo (GA32001014)
- XA-12:** Xacemento romano das Laxas (GA32001016)
- XA-14:** Xacemento romano de Abuín (GA32001017)
- XA-18:** Xacemento das Moreiras (GA32001020)
- XA-20:** Trisquel de Airavella (GA32001ACH)
- XA-23:** Epígrafe romano de Armea (GA32001ACH)

# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-1

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001001

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Armea	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Asentamento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Armea -Parroquia: Augas Santas -Coordenadas: 42º14'45"N-7º 47'31"W	<b>TITULARIDADE:</b>  Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I); II-2 (G.II-2)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Bronce
<b>DESCRICIÓN:</b>  <p>Próximo ao castro, e entre unha carballeira, atópase o lugar coñecido polo nome de <i>As Pías</i> ou <i>Baños de Sta Mariña</i>, segundo Vicente Risco<sup>1</sup>. Trátase de dúas pías labradas nun afloramento granítico situado a ras do chan que aparece rodeado perimetralmente por un muro de cachotería de 1 m. de altura e planta circular. A pía de maior tamaño ten forma rectangular e nela conserva un bo caudal de auga ao longo de todo o ano. Á beira dun dos seus lados maiores dispónse outra pía de menores dimensións. Na cabeceira da pía maior, así como nun lateral daquela, sitúanse dúas cazoletas circulares de tamaño disímil. Conde Valvís apunta a posibilidade de que esta construción operase como prensa de aceite de oliveira, unha hipótese moi fundada corroborada pola existencia dun pequeno orificio que une ambos recipientes.</p> <p>O castro foi escavado por Conde Valvís, quen atopou gran cantidade de restos indíxenas e romanos, custodiados hoxe na súa maioría no Museo Arqueolóxico de Ourense. A cronoloxía do Castro varía entre o S. IV-III a.C e o século IV da nosa era.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  <div style="display: flex; justify-content: space-between;"> <span>OBRIGADO: SI</span> <span>RECOMENDADO:</span> <span>OPTATIVO:</span> <span>INNECESARIO:</span> </div>	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  <div style="margin-left: 20px;"> <p>-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: NON</p> <p>-ROTURACIÓN PROFUNDA: NON</p> <p>-FORESTACIÓN: NON</p> </div>	

<sup>1</sup> Ver *Geografía del Reino de Galicia*, de Gerardo Álvarez Limeses.

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.
- B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Nunha zona do antecastro a tradición coloca o primeiro intento de martirio de Sta Mariña. O Castro de Armea, xunto coa Basílica da Asunción e o *Forno da Santa*, foron declarados Monumento Histórico-Artístico polo Decreto 1281 do 16/05/1963 publicado polo BOE o 01/06/1963. Actualmente ten a categoría de Ben de Interese Cultural (BIC).

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Vista do castro de Armea




Contorno do castro de Armea



Vista das pías ou baños de Sta Mariña

LOCALIZACIÓN:

ESCALA: 1/10.000



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-2

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001002

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Forno da Santa	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Indeterminado
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Armea -Parroquia: Augas Santas -Coordenadas: 42º 14'43''N - 07º 47'36'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro-Romanización- Idade Media
<b>DESCRIPCIÓN:</b>  <p><b>Cripta, pioca ou estanque e igrexa</b> inacabadas coñecidas popularmente como <i>Fornos da Santa</i>. En realidade trátase dunha construción relixiosa asociada ao próximo castro de Armea. Despois de sucesivas reutilizacións, que derivaron na construción de boa parte da basílica da Ascensión, integrada no recinto, o que hoxe fica en pé é un templo datable no S. XIII que presenta notables trazos románicos.</p> <p>No seu interior atopamos unha cripta con tres treitos, dos que unicamente o máis fondo desemboca no que se coñece como Forno da Santa. Este posúe forma de ábsida semicircular labrada con aparello irregular, falsa bóveda e unha lousa como cuberta horadada que ten como finalidade a evacuación de fume. Idéntica finalidade posúe outra lousa furada que se conserva no piso como cheminea exterior. As súas dimensións son de 2.25 x 2.50 m.de h.</p> <p>A orixe castrexa do monumento resulta evidente aos ollos de todos os investigadores, tal e como evidencia a presenza dun exemplo similar no castro de Briteiros (Portugal) ou doutros restos conservados no lugar como unha pedra granítica de enormes dimensións que separa os dous primeiros tramos da cripta con gravados de bechas.</p> <p>Como é habitual a auga é unha das motivacións que provocan o culto relixioso –recórdese a adoración dos elementos da natureza que profesaban os pobos castrexos e os seu sucesores- o que explica a presenza dunha moderna canle de pedra dentro do conxunto.</p> <p>Este lugar foi cristianizado posteriormente, o que explica a súa pervivencia ata os nosos días como lugar de culto relixioso.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  <div style="display: flex; justify-content: space-between; width: 100%;"> <span>OBRIGADO: SI</span> <span>RECOMENDADO:</span> <span>OPTATIVO:</span> <span>INNECESARIO:</span> </div>	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: NON

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Nunha zona do antecastro a tradición coloca o primeiro intento de martirio de Sta Mariña. O Castro de Armea, xunto coa Basílica da Asunción e o *Forno da Santa*, foron declarados Monumento Histórico-Artístico polo Decreto 1281 do 16/05/1963 publicado polo BOE o 01/06/1963. Actualmente ten a categoría de Ben de Interese Cultural (BIC).

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**

Interior do templo inacabado da Asunción



Imaxe do interior da cripta

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-3

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001003

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Pena do Couto	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Asentamento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Turzás -Parroquia: Augas Santas -Coordenadas: 42º 13'41''N - 7º 46'43'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro
<b>DESCRICIÓN:</b>  Asentamento castrexo localizado nun outeiro de escasa altura en un contorno de labradío e monte (carballos, castiñeiros e fentos). Non se aprecian murallas polo que o seu contorno definitorio é difícil de apreciar. Si atopamos cachotes con caras alisadas nos muros de peche dos valados que separan as propiedades anexas. O seu outeiro conta cun penedo de enormes proporcións.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: NON  -ROTURACIÓN PROFUNDA: NON  -FORESTACIÓN: NON	
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b>  A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.  B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.	

**OBSERVACIÓNS:**

Os veciños do lugar afirman que neste lugar se localizaba a “*cidá dos mouros*”, e que nel se atoparon restos cerámicos, así como “*pías como as das igrexas*” e “*marcos decorados*”.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**

Perspectiva do Castro da Pena do Couto



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-4

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001004

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Folgoso ou de Boa Nai	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Asentamento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de A Cal -Parroquia: Folgoso -Coordenadas: 42° 13'23''N - 07° 49'15''W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro
<b>DESCRICIÓN:</b>  <p>Xacemento arqueolóxico, actualmente cuberto de monte baixo, onde a croa aparece delimitada a través dun recinto murado. Na súa cimeira atópanse grandes penedos con numerosas pías, algunha delas comunicada cunha canle perforada na rocha que desemboca nun desaugadoiro.</p> <p>Na súa cota máxima ubícase un vértice xeodésico, o que constitúe a súa principal causa de deterioro. Arredor da croa obsérvase un segundo recinto, que forma un anel arredor do máis elevado, que fica interrompido nunha pequena plataforma que se pecha contra a primeira área murada, lugar onde se puido ubicar a entrada. Ao sur existe outra plataforma que se pecha sobre o segundo recinto fortificado, constituíndo unha nova terraza.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  <p style="text-align: center;">OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:</p>	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  <p style="text-align: center;">-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: NON</p> <p style="text-align: center;">-ROTURACIÓN PROFUNDA: NON</p> <p style="text-align: center;">-FORESTACIÓN: NON</p>	

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.
- B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**


No transcurso dunha prospección foron atopados en superficie restos de cerámica castrexa que presenta unha decoración *estampillada*.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-5

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001005

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> O Castelo	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Asentamento
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Vila de Allariz -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42º 11'34"N - 07º 47'02" W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro-Romanización-Medieval
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situado estratexicamente á beira do río Arnoia, a cimeira coñecida como O Castelo sitúase na xénese do nacemento da vila de Allariz. Neste cumio ubicouse un castelo medieval (S. XI) que contaba con sólidas defensas naturais (río, fortes pendentes do monte...). Con anterioridade puido localizarse un asentamento castrexo, posteriormente romanizado.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: NON  -ROTURACIÓN PROFUNDA: NON  -FORESTACIÓN: NON	
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b>  A) NO PROPIO ELEMENTO: Consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.  B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.	

**OBSERVACIÓNS:**

No transcurso de distintas prospeccións foron atopados fondos e bordes de vasillas castrexas e romanas.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**

Perspectiva dos restos da antiga muralla medieval no lugar do Castelo



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-6

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001006

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Necrópole de Allariz	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Necrópole
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Entorno Igrexa de Santiago -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42°11'37"N-7°48'0.9" W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Medieval
<b>DESCRICIÓN:</b>  <p>Con motivo da realización dunha serie de escavacións no contorno da igrexa de Santiago de Allariz atopou unha necrópole medieval que evidenciaba un abundante espolio. Acháronse un total de 15 tumbas antropomorfas escavadas na rocha que presentaban unha orientación E-W, así como distinto material cerámico de procedencia medieval e galaico-romana.</p> <p>Tamén foi atopada unha lauda funeraria cunha inscrición en galego consistente nunha tampa de gran fino de 140 cm.x 64 cm de largo na cabeza e 54 cm. nos pés (grosor de entre 15 e 25 cm.).</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  <p style="text-align: center;">OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:</p>	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  <p style="text-align: center;">-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.</p> <p style="text-align: center;">-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.</p> <p style="text-align: center;">-FORESTACIÓN: NON</p>	

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Instalación dun panel informativo en metacrilato que dé conta do xacemento dende unha perspectiva didáctica e divulgativa.
- B) NO CONTORNO:

**OBSERVACIÓNS:**

No transcurso das escavacións atopáronse tamén restos cerámicos de cronoloxía romana (sigillata, etc...). O epígrafe da lauda, que se atopa depositada no Museo Arqueolóxico de Ourense, reza:

*EMCLXXXX  
OBIIT FLA DI  
MARIA  
FILLA DE PE  
DRO ÇEÇAM*

-----  
E(ra) M (ilésima) C (entésima) LXXXX (nonaquinta)  
OBIIT F(anu) LA D(e)I  
MARIA  
FILLA DE PEDRO ÇEÇAM

Máis información no Boletín Auriense T. XI, páx 9-47; (1981).


## REXISTRO FOTOGRÁFICO:



Perspectiva do adro da igrexa de Santiago no tiveron lugar os achádegos

## LOCALIZACIÓN:

ESCALA: 1/10.000



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-7

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001011

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Sepulcro das Muradellas	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Lápida funeraria
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Vilar de Flores -Parroquia: Espiñeiros -Coordenadas: 42º 12' 32''N - 7º 05' 35'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade Media
<b>DESCRICIÓN:</b>  Xacemento funerario medieval pouco alterado por actividades forestais e agrícolas. O único elemento que permanece visible é unha tampa ou lápida tipo estola –esculpida en granito de grao groso- que se dispón sobre un muro de cachotes divisorio de dúas veigas dedicadas ao cultivo. A tampa presenta un nervio central que separa as dúas vertentes da lousa e remata bifurcándose no remate ou extremo da peza cara os seus dous ángulos. No interior do triángulo resultante grávase a letra omega. Así mesmo, nas terras labradas anexas, foron atopados fragmentos cerámicos medievais. É posible que se tratase dunha antiga necrópole medieval.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO:

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIONES:**

Os veciños do lugar acordan que houbo máis lousas na touza na que se atopou esta lápida. Comentan a lenda segundo a que unha invasión de formigas obrigou a fuxir ao pobo que alí se asentaba. Tamén recordan que no mesmo lugar foi atopado un "rosario de medallas".

Este xacemento foi catalogado a raíz dunha comunicación da Asociación Ecoloxista e Cultural O Brote.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Segundo os veciños a tampa atopábase sobre este muro do lugar das Muradellas

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: **XA-8**

CÓDIGO DO XACEMENTO: **GA32001012**

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento funerario do Castelo	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Lugar funerario
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de S. Salvador -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42° 09' 52''N - 7° 47'25'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCION:</b> II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Medieval
<b>DESCRICIÓN:</b>  <p>Asentamento funerario pouco alterado datable entre a Idade do Ferro (-800-0 a.C) e a Romanización (S. I-III d.C). O xacemento sitúase a 738 metros de altura, e formando un esporón sobre o Regato das Fontes, gozando dunha excelente protección natural gracias á acusada pendente das ladeiras.</p> <p>Nun entorno de carballizas sitúanse dous sartegos antropomorfos labrados en rocha viva, moi próximos, que presentan unha orientación E-W. O cumo do lugar caracterízase pola grande cantidade de afloramentos graníticos, existindo tamén mostras dun uso habitacional pretérito.</p> <p>Ao leste setentrional do cumio esténdese unha ampla plataforma habitacional de 60 m. de largo máximo, mais non se aprecian sinais claros de recintos defensivos.</p> <p>O arqueólogo Alfredo Seara é da opinión de que é probable que haxa máis sartegos soterrados, o que convertería ao xacemento nun interesantísimo lugar funerario de época medieval.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  <p style="text-align: center;">-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.</p> <p style="text-align: center;">-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.</p> <p style="text-align: center;">-FORESTACIÓN: SI</p>	

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.
- B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

No mesmo lugar foron atopados restos de cerámica común e restos de ímbrices.  
A altura dos sartegos oscila entre os 1.80 e os 1.82 m.; o largo á altura do tórax vai dos 50 aos 54 cm., e no lugar dos pés é de 20 cm.  
Na prospección realizada para realizar os rexistros fotográficos que acompañan esta ficha non puidemos atopar os dous sartegos antropomorfos catalogados polo arqueólogo Alfredo Seara.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**


Perspectiva do Outeiro do Castelo



Emprazamento dos sartegos cubertos pola maleza

LOCALIZACIÓN:

ESCALA: 1/5.000



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-9

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001013

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento de Campina-A Lama	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento Paleolítico
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de A Acea -Parroquia: Meire -Coordenadas: 42º 11´ 58´´N – 7º 46´ 49´´W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada-Comunal
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Paleolítico
<b>DESCRICIÓN:</b>  Xacemento paleolítico indeterminado que se atopa gravemente alterado a causa da construción sen control arqueolóxico de pistas e outras construcións, así como pola realización de actividades agrícola-forestais. O xacemento, moi amplo, habida conta da gran dispersión dos materiais, (700 m. de longo x 50 de largo) atópase na aldea de A Acea, un núcleo situado no Val do Arnoia, sobre o tramo superior, medio e inferior da vertente setentrional do curso fluvial homónimo.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b>  A) NO PROPIO ELEMENTO:  B) NO CONTORNO:	

**OBSERVACIÓNS:**

Recoméndase o control das obras de envergadura que se leven a cabo no xacemento.  
Os materiais recollidos atópanse depositados no Grupo de Investigación de Arqueoloxía da Paisaxe da Universidade de Santiago: 100 pezas líticas, lascas e cantos rodados de cuarcita pouco elaborados, así como outras pezas de maior complexidade técnica como 1 bifaz triangular e outros. O achado tivo lugar con motivo das obras da autovía (treito Alto de Allariz-S. Cibrao).


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva do xacemento de Campina-A Lama

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-10

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001014

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento do Corgo	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Indeterminado
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Tabernas -Parroquia: S. Vitoiro -Coordenadas: 42° 13'37''N - 07° 50'37''W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro-Medieval e Moderna
<b>DESCRICIÓN:</b>  Xacemento situado ao pé dun paso elevado da autovía ao seu paso pola parroquia de S. Vitoiro. Foron atopadas un total de 253 pezas, entre as que contamos 9 instrumentos líticos e 244 fragmentos cerámicos moi rodados. O achado tivo lugar con motivo da realización das obras do treito da autovía Alto de Allariz-S. Cibrao.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	
<b>MELLORAS NECESARIAS:</b>  A) NO PROPIO ELEMENTO:  B) NO CONTORNO:	


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva do xacemento do Corgo

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



58663  
492.526

# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-11

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001015

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento do Toxal	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b>
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Airavella -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42º 10' 45''N-7º 45' 55'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Comunal e privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b>
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situado a 100 m. ao NE da aldea de Airavella, nun lugar a media ladeira onde destaca un amplo macizo granítico. Este xacemento potencial atópase fronte á primeira das casas da aldea, nun outeiro granítico que domina todo o val do Arnoia situado entre dous regatos coñecidos co nome de Corga que desaugan no río Arnoia. O outeiro granítico está formado por grandes bloques situados nunha zona moi alta de grande visibilidade. Ao pé deste coto, no lado Sur, nunha chan que acolle varias fincas aradas, atopouse unha pequena mámoa, xusto no recuncho das veigas máis achegadas ao outeiro. Un muro de peche que delimita dúas propiedades agrarias pasa por riba do lombo da anta. Nunha parcela ao pé do muro amoréanse pedras de mediano tamaño que posiblemente pertencen á mámoa. Non se atoparon materiais manufacturados, mais si lascas de seixo e sílex branco e leitoso de boa calidade pero sen tallar. Este outeiro sitúase nun contorno de monte baixo, aínda que ao pé da mámoa aínda se cultiva. Nunha penechaira situada debaixo da mámoa sitúanse fincas labradas. O xacemento atópase parcialmente alterado pola instalación de postes de fluído eléctrico de alta tensión, o que obrigou a construír unha pista. Os labores agrícolas dos veciños tamén contribuíron a danar o xacemento. Atopáronse anacos de materia prima, seixo e sílex de moi boa calidade, materiais todos eles achados con motivo da prospección sistemática levada a cabo no ano 1993, cando a construción da autovía.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: NON

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Os testemuños orais recollidos na aldea fálanos de que aquí habitaban os mouros en covas. A toponimia do lugar recolle múltiples nomes derivados de mouro, mais non se atopou ningún resto arqueolóxico a causa da moita vexetación das múltiples alteracións que evidencia o terreo.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva do Xacemento do Toxal

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-12

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001016

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento das Laxas	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b>
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: As Laxas -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42º 12' 20"N-7º 47' 42" W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Indeterminada aínda que probablemente romana
<b>DESCRICIÓN:</b>  <p>Xacemento situado á esquerda da estrada que une Allariz con Xunqueira de Ambía, denantes de chegar ao cruzamento que leva á aldea de A Acea. Moi perto deste vial atopamos un pequeno coto pouco elevado de características romanas. Sitúase nas proximidades do río Arnoia, concretamente na súa marxe esquerda, dominando unha ampla zona. Actualmente o contorno atópase case totalmente a monte, sen a penas terras de labradío (monte baixo e carballos).</p> <p>O xacemento atópase na prolongación Norte do alto de Allariz, no sector baixo do lugar denominado As Ladeiras. Dispónse de NE a SE sobre unha lomba natural. Ben delimitado nas caras W-S e N pola morfoloxía do terreo por medio de suaves ladeiras. Polo lado E a delimitación é máis imprecisa.</p> <p>O xacemento está parcialmente alterado por actividades agrarias e pequenas construcións de titularidade privada. Nel atopáronse pequenos anacos de cerámica común: tégulas, ladrillos e anacos de escoura de ferro con motivo da prospección sistemática levada a cabo no ano 1993, coincidindo coa construción da autovía. Estes materiais recolléronse na zona labrada, a máis accesible, xa que onde a visibilidade era mala ou nula foi imposible recoller nada.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  <p style="text-align: center;">OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:</p>	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: SI

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Na aldea de Vilaboa atopouse unha lápida romana na parede dunha casa. Foi trasladada ao Museo Provincial de Ourense.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva do xacemento das Laxas

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-13

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32036003

DOCUMENTACIÓN ESCRITA	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento do Outeiro do Castro ou Castro de Cerdeira	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Asentamento castrexo e estación rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b>  - <b>Lugar:</b> Valverde-Cerdeira - <b>Parroquia:</b> Requeixo de Valverde (Allariz)-Cerdeira (Xunqueira de Ambía) - <b>Coordenadas:</b> 42º 11'24''N - 07º 45'34''W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCION:</b> I II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICION CULTURAL:</b> Idade do Bronce-Idade do Ferro-Romano
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situase nunha cota de 726 metros de altura en un contorno de monte baixo (xestas, toxos, fentos...) e labradío. Trátase dun castro ovalado que posúe unha cimeira pedregosa e puntiaguda dende a que é posible distinguir un recinto murado de pedra con eixo N-S de 150 m. Ao W obsérvase unha plataforma cun largo máximo de 50 m. e cara o S outra de 20 m. de largo. Síguela unha nova terraza de 8 m. de largo que enlaza coa plataforma do W. O castro está no límite co termo municipal de Xunqueira de Ambía, nun outeiro dende o que se domina unha ampla e bela panorámica. Asemade na ladeira do castro Rivas Quintas <sup>1</sup> sinala a existencia dun total de nove (9) grupos de petroglifos (os técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio unicamente atoparon un único grupo, o nº 6, así como 4 cruces gravadas distribuídas pola ladeira). <b>O primeiro</b> deles sitúase na coñecida como <i>Pedra do Sol</i> , localizada a 150 m.da croa, na ladeira W do monte, onde se sitúan 9 círculos concéntricos dun desenvolvemento total de 0.60 m. Outros tres motivos están formados por 2 círculos concéntricos sen coviña central. <b>O segundo</b> , a 16 m. da pedra anterior, está constituído por 5 círculos concéntricos de 0.45 cm de diámetro, e outro de 4 círculos de 0.33 cm. de diámetro con punto central. Ambos dispóñense sobre unha laxe de 2.45 x 1.05 m. Asemade existen dous grupos de 3 círculos cada un, tres de 2 círculos (un só con punto central) e parte da curva dun único círculo de 0.9 cm. <b>O terceiro</b> grupo, a 30 m. ao N da <i>Pedra do Sol</i> , e a 12 m. da lousa anterior, sitúase sobre un novo afloramento granítico. Presenta 6 círculos concéntricos e un diámetro total de 0.55 cm. <b>O cuarto</b> grupo, localizado a 30 m. ao E da <i>Pedra do Sol</i> , ofrece un figura de 4 círculos concéntricos e 0.21 cm. de diámetro. <b>O quinto</b> formula un composición intencionada: dous motivos cun punto central formados por 2 circos concéntricos acompañado doutro motivo con 6 circos concéntricos máis outros 2 de idéntica tipoloxía. <b>O sexto</b> grupo ofrece un total de 3 circos concéntricos cun punto central, un diámetro de 45 cm. e un largo de suco de 5 mm. <b>O sétimo</b> figura como desaparecido. <b>O octavo</b> posiblemente non sexa un petroglifo. <b>O noveno</b> é coñecido co nome de <i>Cobra con Asas</i> , e sitúase baixando do cume do monte cara o N. Ten 1.46 m. de largo e un suco de entre 4 e 6 cm. Á dereita da cobra obsérvanse 8 puntos, 5 deles xuntos e outros separados.	

<sup>1</sup> A Limia: Val da Antela e Val do Medo.

**ZONA DE ORDENANZA NO PXOM  
NA QUE SE ATOPA:**

Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos

**PLANEAMENTO POSTERIOR:**

OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: NON

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

A única alteración de importancia vén dada por unha escavación clandestina levada a cabo por un veciño do lugar. Nela o paisano atopou un muro de cachotes de caras lisas e escuadradas, atopando no seu interior restos de tégalas e vasillas cerámicas, así como unha pedra con decoración de espiga que lla cedeu a Eligio Lamas, que aínda a ten na súa casa de Fondo da Vila.

No transcurso dunha prospección foron atopados restos de tégalas e cerámica común.


## REXISTRO FOTOGRÁFICO:



Perspectiva do Outeiro do Castro (Requeixo de Valverde)

## LOCALIZACIÓN:

ESCALA: 1/10.000



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-14

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001017

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento de Abuín	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento romano
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: A Frieira -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42º 11' 55'' N-7º 47' 35'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Romana
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situado ao norte da vila de Allariz, xustamente por riba do derradeiro chalé situado ao pé do Monte da Moura, atópase este xacemento nun entorno de afloramentos graníticos moi amplos que dominan o val do Arnoia. Actualmente o contorno atópase a monte (anteriormente foi pastizal e tamén acolleu plantacións de centeo) polo que as xestas e o toxo son os arbustos predominantes. A zona sitúase a media ladeira, é algo chan e aproveita unha ruptura da pendente que domina visualmente o val e o paso do río. Ocupa unha pequena extensión de límites imprecisos xa que non existe estrutura de delimitación. Ao tempo a vexetación impide a visibilidade dos materiais. No xacemento atopáronse pequenos anacos de cerámica común (tégulas pouco rodadas e algún resto de ladrillo) no contexto das prospeccións sistemáticas levadas a cabo no ano 1993 con motivo das obras da autovía Vigo-Madrid. Xa que logo a cronoloxía do xacemento é claramente romana, mais os arqueólogos non están en condicións de fixar unha acotación temporal máis precisa. O xacemento puido estar vinculado a unha zona estratéxica de paso cara o Norte destino a vías secundarias que unían Ourense e outras poboacións romanas como Aquae Flavia.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: SI

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:****REXISTRO FOTOGRÁFICO:**


Perspectiva do Xacemento de Abuín dende un paso elevado da autovía.



Perspectiva do xacemento de Abuín co Monte da Moura ao fondo.

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-15

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001018

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo da Igrexa de S. Vitoiro	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Gravado rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de S. Vitoiro -Parroquia: San Vitoiro -Coordenadas: 42º13'34.5''N-7º50'56.4''W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade Media
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situado ao pé do Palco da Música que se atopa a carón do templo parroquial, o petroglifo da igrexa de S. Vitoiro localízase nunha zona de recreo chan de 545 m. de altura, emprazada aos pés do Monte Castrelo. A rocha na que se esculpiu o petroglifo mide 1.50 m. por 0.50 m. O deseño en cuestión ten unhas dimensións de 26 por 26 cm. que dan forma a un cadrado de lados desiguais que contén dous cubos concéntricos de menores dimensións no seu interior. A composición aparece atravesada por varias diaclasas. Trátase, como é sabido, do coñecido xogo do tres en raia, tal e como evidencia a dobre cruz que atravesa os tres cubos en dirección N-S e E-W respectivamente (de ángulo a ángulo e de centro a centro). Este tipo de xogos foi identificado en asociación con construcións de tipo defensivo –nomeadamente castros como o da Raíña Loba nos Blancos- onde tamén aparece un exemplar deste xogo medieval.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	

**MELLORAS NECESARIAS:**


- A) NO PROPIO ELEMENTO: Posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural e adopción das medidas de protección pertinentes.
- B) NO CONTORNO: Sinalización.

**OBSERVACIÓNS:**

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**




Fotografía da laxe na que aparece gravado o petroglifo



O petroglifo retocado infograficamente

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-16

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001019

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifos de Lameiro Grande	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Estación rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de O Mato -Parroquia: Santiago de Allariz -Coordenadas: 42º12'32.7"N-7º 48'34.5"W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Bronce
<b>DESCRIPCIÓN:</b>  Os gravados de Lameiro Grande sitúanse a media ladeira dunha dorsal que cae cara o regato de Frieira, nun contorno de praderías, vivendas unifamiliares e monte alto de repoboación. Estes petroglifos, situados a 545 metros de altura, atópanse seriamente erosionados debido a que a rocha na que foron labrados dispónse no medio dun camiño de acceso a distintas parcelas de monte, así como ás fincas onde pasta o gando. Os petroglifos sitúanse ao longo de dúas laxes a ras do chan de 6 m. no eixo L-W e 8 m. no N-S. As dimensións da segunda rocha son 10 m. no eixo N-S por 19 m. no E-W. Unha serie de 25 cazoletas de diversos tamaños, así como outros motivos de forma alongada son os únicos motivos esculpidos. A uns 20 m. ao SE deste xacemento atópase outra laxe gravada con cazoletas e outros motivos contemporáneos, entre eles unha cruz posiblemente regravada.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO:            OPTATIVO: SI            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO:

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIONES:**

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**




Perspectiva do Petroglifo nº 1



Perspectiva do Petroglifo nº 2

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-17

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32047011

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Castro de Monte Castrelo ou Cima de Vila	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Asentamento castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Cima de Vila -Parroquia: San Vitoiro e San Mamede de Urrós (Allariz) e Proente (A Merca) -Coordenadas: 42º 13' 22''N- 07º 51' 48'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> II-1 (G.II-1); II-2 (G.II-2);	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro-Medieval
<b>DESCRICIÓN:</b>  Xacemento pouco alterado que actualmente se adica á actividade forestal. O Monte Castrelo sitúase a 655 metros de altura e no seu outeiro presenta varios afloramentos graníticos –a extracción de pedra ten causado o maior deterioro do xacemento- que puideron servir de basamento a algunha das torres de homenaxe que acostumaban a se erixir no medievo nos “castelos rochedos”. Na vertente do concello da Merca obsérvanse tres (3) liñas de murallas coas súas correspondentes terrazas, algo que non atopa correspondencia no termo municipal de Allariz. No transcurso de prospeccións foron atopados restos de cerámica con desengrasantes de seixo pertencentes a bordes e corpos, así como outros cachos de cerámica medieval que se atopan depositados no Museo Arqueolóxico de Ourense.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: NON  -ROTURACIÓN PROFUNDA: NON  -FORESTACIÓN: NON	

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Escavación, consolidación de construcións e posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.
- B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

O Castro de Monte Castrelo está atravesado pola liña que sinala o lindeiro entre as parroquias de San Mamede de Urrós, San Vitoiro (Allariz) e Proente (A Merca).


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva do Monte Castelo

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-18

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001020

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Xacemento das Moreiras	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Xacemento indeterminado
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Roiriz de Abaixo -Parroquia: Folgoso -Coordenadas: 42º12'23.8"N-7º 48'05.3"W	<b>TITULARIDADE:</b> Pública
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro - Idade Media
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situado a unha altitude de 517 m., na parte alta dun esporón e ao final dunha dorsal divisoria de augas entre dous regatos, e nun entorno de bosque caducifolio, prados, e unha granxa porcina, o Xacemento das Moreiras atópase na confluencia dun camiño veciñal coa autovía A-52. O ben en cuestión atópase practicamente destruído debido ás obras de construción daquel vial de alta capacidade, que provocou grandes remocións de terra, así como labores de extracción de varias toneladas de pedra. Nas Moreiras foron atopados un total de duascenas dezasete pezas (217), divididas en trinta (30) líticos e cento oitenta e sete (187) fragmentos cerámicos. A cerámica adscríbese a dous períodos culturais diferentes, a Prehistoria recente –posiblemente a Idade do Ferro- e a Idade Media-Moderna. Todos os restos foron recollidos en superficie no transcurso das obras de seguimento da autovía S. Cibrao-Alto de Allariz, e atópanse depositadas no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. O xacemento abrangue unha área de 280 m. de lonxitude no seu eixo NW-SE, e uns 300 m. do NE-SW, e atópase no contexto da estación rupestre das Moreiras, un total de 11 rochas con cazoletas (Grupos do I ao V).	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO:            OPTATIVO: SI            INNECESARIO:	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: SI

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO:

B) NO CONTORNO:

**OBSERVACIÓNS:**

O xacemento foi escavado posteriormente polo arqueólogo Santiago Vázquez Collazo.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva dunha das laxes do Xacemento das Moreiras

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-19

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001021

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo das Moreiras I	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Gravado Rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Roiriz de Abaixo -Parroquia: Folgoso -Coordenadas: 42º 12'27.2"N -7º 48' 09"W	<b>TITULARIDADE:</b> Comunal
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Bronce
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situados na parte exterior dunha dorsal practicamente chan, divisoria das augas procedentes de dous regatos, a 482 metros de altura en un entorno de monte baixo, piñeirais, pradairos, vivendas unifamiliares e unha granxa porcina, atopamos o primeiro dos cinco grupos de gravados pertencentes á estación rupestre das Moreiras. As insculturas desta primeira estación atópanse levemente alteradas a causa da construción da autovía A-52, así como pola extracción de pedra para a construción. Esta estación está composta por un total de tres (3) rochas gravadas que conforman os vértices dun triángulo equilátero de 30 m. de lado. A primeira das rochas na que se sitúan os gravados, de perfil case chan, presenta un total de cinco (5) cazoletas cun diámetro de entre 5 e 6 cm por 3 cm de profundidade. No segundo penedo, de forma lixeiramente alombada, as súas doce (12) cazoletas –tres (3) delas semellan modernas- presentan un diámetro de entre 3 e 4 cm e unha profundidade de 1.5 cm. Na terceira das rochas, situada ao pé dun camiño de probable orixe romana, a súa única cazoleta presenta unhas medidas de 4 cm de diámetro por 3 mm de profundidade.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: SI

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Nesta mesma zona atopáronse materiais que poderían encadrarse entre a Idade do Bronce Final e a Idade de Ferro Inicial.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva do xacemento das Moreiras

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-19

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001022

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo das Moreiras II	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Gravado Rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Roiriz de Abaixo -Parroquia: Folgoso -Coordenadas: 42º12'22.3"N-7º 48'06.1"W	<b>TITULARIDADE:</b> Comunal
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Bronce
<b>DESCRIPCIÓN:</b>  Situados na parte exterior dunha dorsal practicamente chan, divisoria das augas procedentes de dous regatos, a 482 metros de altura e nun entorno de monte baixo, piñeirais, pradairos, vivendas unifamiliares e unha granxa porcina, atopamos o segundo dos cinco grupos de gravados pertencentes á estación rupestre das Moreiras. As insculpturas desta segunda estación atópanse levemente alteradas a causa da construción da autovía A-52, así como pola extracción de pedra para a construción. A rocha na que aparecen estas novas insculpturas, de unha altura aproximada de 3 m., presenta unha forma irregular e unhas medidas de 2.40 m. de longo por 1 m. de largo. As súas dúas (2) cazoletas teñen entre 6 e 7 cm de diámetro por 2 cm de profundidade e parecen asociarse a unha pía natural.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.
- B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Nesta mesma zona atopáronse materiais que poderían encadrarse entre a Idade do Bronce Final e a Idade de Ferro Inicial.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Perspectiva dunha das cazoletas

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-19

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001023

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo das Moreiras III	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Gravado Rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Roiriz de Abaixo -Parroquia: Folgoso -Coordenadas: 42º12'19.6"N-7º 48'05.8"W	<b>TITULARIDADE:</b> Comunal
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Bronce
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situados na parte exterior dunha dorsal practicamente chan, divisoria das augas procedentes de dous regatos, a 482 metros de altura e nun entorno de monte baixo, piñeirais, pradairos, vivendas unifamiliares e unha granxa porcina, atopamos o terceiro dos cinco grupos de gravados pertencentes á estación rupestre das Moreiras. As insculturas desta terceira estación atópanse levemente alteradas a causa da construción da autovía A-52, así como pola extracción de pedra para a construción. Trátase dun grupo de seis (6) rochas. A primeira delas, exenta, presenta unha (1) única cazoleta de 7 cm de diámetro por 2 cm de profundidade. O segundo dos penedos, que sobresaee do chan 1.20 m. contén un total de seis (6) cazoletas na súa parte máis elevada, cun diámetro que vai dos 6 aos 4 cm e unha profundidade de 3 cm aproximadamente. As rochas 3 e 4, de 1.30 x 1.30 m., conteñen dúas (2) cazoletas cada unha de entre 6 e 4 cm de diámetro e 1.5 e 2 cm de profundidade. O penedo nº 5 mide 1.30 m. de longo por 1.20 de largo, sobresaíndo 1 m. da ras do chan. Loce unha (1) única cazoleta de 8 cm de diámetro x 3 de profundidade. Por último a rocha nº 6 contén tamén unha (1) única cazoleta de entre 4 e 1 cm. de profundidade.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	

**OBRAS PERMITIDAS:**

-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.

-FORESTACIÓN: SI

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO: Posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.

B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Nesta mesma zona atopáronse materiais que poderían encadrarse entre a Idade do Bronce Final e a Idade de Ferro Inicial.


## REXISTRO FOTOGRÁFICO:



Perspectiva do petroglifo e da súa grande cazoleta

## LOCALIZACIÓN:

ESCALA: 1/10.000



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: XA-19

CÓDIGO DO XACEMENTO: GA32001024

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Petroglifo das Moreiras IV	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Gravado Rupestre
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Roiriz de Abaixo -Parroquia: Folgoso -Coordenadas: 42º12'22.1"N-7º 48'09.6"W	<b>TITULARIDADE:</b> Comunal
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> I (G.I)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Bronce
<b>DESCRICIÓN:</b>  Situados na parte exterior dunha dorsal practicamente chan, divisoria das augas procedentes de dous regatos, a 482 metros de altura e nun entorno de monte baixo, piñeirais, pradairos, vivendas unifamiliares e unha granxa porcina, atopamos o cuarto dos cinco grupos de gravados pertencentes á estación rupestre das Moreiras. As insculturas desta cuarta estación atópanse levemente alteradas a causa da construción da autovía A-52, así como pola extracción de pedra para a construción. Composta por unha única rocha exenta de 2 m. de longo por 1 m. de largo e 0.80 m. de altura, o penedo sitúase nunha ladeira ao oeste do xacemento das Moreiras. Os motivos gravados redúcense a dúas (2) cazoletas.	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Especial Protección de Xacementos Arqueolóxicos	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  OBRIGADO:            RECOMENDADO: SI            OPTATIVO:            INNECESARIO:	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  -ROTURACIÓN SUPERFICIAL: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -ROTURACIÓN PROFUNDA: Sometida a autorización da DXP da Xunta de Galicia.  -FORESTACIÓN: SI	

**MELLORAS NECESARIAS:**

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Posta en valor do ben dende unha perspectiva turística e cultural.
- B) NO CONTORNO: Sinalización e acondicionamento de accesos.

**OBSERVACIÓNS:**

Nesta mesma zona atopáronse materiais que poderían encadrarse entre a Idade do Bronce Final e a Idade de Ferro Inicial.

O quinto grupo desta estación rupestre da Moreiras (GA32001025), que estivo situado nas coordenadas 42° 12' 19''N - 7° 47' 58'' W, foi destruído polas obras da autovía A-52.


**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



Xacemento das Moreiras (Grupo IV)

**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/10.000**



# CATÁLOGO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DO CONCELLO DE ALLARIZ

FICHA TÉCNICA Nº: *XA-20*

CÓDIGO DO XACEMENTO: *GA32001ACH*

<b>DOCUMENTACIÓN ESCRITA</b>	
<b>DENOMINACIÓN:</b> Trisquel da Airavella	<b>TIPO DE ELEMENTO:</b> Elemento decorativo castrexo
<b>LOCALIZACIÓN:</b> -Lugar: Aldea de Airavella -Parroquia: S. Estevo de Allariz -Coordenadas: 42º 10' 35''N - 7º 46'10'' W	<b>TITULARIDADE:</b> Privada
<b>GRAO DE PROTECCIÓN:</b> III (G.III)	<b>ADSCRICIÓN CULTURAL:</b> Idade do Ferro
<b>DESCRICIÓN:</b>  <p>Tríscele ou trisquel labrado en pedra de granito e enmarcado nun cubo que se atopa nun dos ángulos exteriores dunha construción adxectiva da aldea de Airavella. Datable na Idade do Ferro (-800 a 0), é unha das tipoloxías arquitectónicas de carácter ornamental de máis valor da cultura castrexa.</p> <p>O trisquel, unha forma esvástica de tres raios en movemento, pode ser testemuña da adoración dos astros (sol, estrelas...) que cultivaban os pobos que habitaron Galicia naquela altura histórica. Tamén é posibel relacionalos cos cultos heliolátricos, algo moi común en todas as culturas prerromanas, e mesmo coa representación do día e da noite, en función de se a dirección dos raios fose dextróxima ou sinistróxima.</p> <p>Os trisqueis de Sta Trega (Pontevedra) ou o de Castromao (Ourense), xunto con este de Allariz, formaban parte da ornamentación habitacional castrexa xunto con tetrasqueis, hexasqueis, espirais, cruces, circos concéntricos, rosetas...</p> <p>Nos castros romanizados foron atopados trisqueis tronzados e mesmo reutilizados nos muros e nas calzadas dos recintos fortificados.</p>	
<b>ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:</b>  Solo de Núcleo Rural Non Consolidado	
<b>PLANEAMENTO POSTERIOR:</b>  <div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <span>OBRIGADO:</span> <span>RECOMENDADO: SI</span> <span>OPTATIVO:</span> <span>INNECESARIO:</span> </div>	
<b>OBRAS PERMITIDAS:</b>  <div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <span>-ROTURACIÓN SUPERFICIAL: -</span> </div> <div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <span>-ROTURACIÓN PROFUNDA: -</span> </div> <div style="display: flex; justify-content: space-around;"> <span>-FORESTACIÓN: -</span> </div>	

**MELLORAS NECESARIAS:**

A) NO PROPIO ELEMENTO:

B) NO CONTORNO:

**OBSERVACIONES:**

Recoméndase o traslado do ben a algún edificio público da vila de Allariz a fin de que poida conservarse en mellores condicións, ao tempo que ser admirado por un maior número de cidadáns.

**REXISTRO FOTOGRÁFICO:**



**LOCALIZACIÓN:**

**ESCALA: 1/5.000**

